



CAMPO DE TRABALLO MONTE DA ESPENUCA (COIRÓS-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
1-12/08/2017	18-30	Internacional	Medioambiental	15

LOCALIZACIÓN

Coirós é un concello da provincia da Coruña, pertencente á comarca de Betanzos. Está situado ao noroeste da provincia da Coruña e limita ao norte con Betanzos e Paderne, ao sur con Oza dos Ríos e Aranga, ao leste con Aranga e Irixoa e ao oeste con Oza-Cesuras. Está atravesado pola estrada N-VI e a autovía A6 que unen Madrid e A Coruña. O concello conta con dous ríos, o Mandeo e o Mendo, xunto cos seus afluentes, o rego de Tararou do Mendo e o río Vexo, o regato das Pías e o rego das Bouzas do Mandeo. Os cumios máis destacados son o Pico da Felga (506 m), Fonte do Oso (448 m) e o monte da Retorta (502 m). Ten un clima oceánico suave.

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE TRABALLO

Limpeza de maleza e eliminación de especies alóctonas como acacias e eucaliptos.

Coidado de exemplares de especies autóctonas presentes como castiñeiros ou carballos.

Limpeza e acondicionamento de camiños, sendeiros e estruturas como muros.

Eliminación de maleza nas proximidades dunha estrutura arqueolóxica, sen afectarlle en absoluto, como paso previo para unha futura escavación.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Visita a lugares de interese de Coirós e de concellos próximos dentro da Reserva da Biosfera As Mariñas e Terras do Mandeo.

Piscina municipal e praias próximas.

Asistencia a festas tradicionais e eventos culturais e deportivos que se levan a cabo no concello.

Visita ao Parque Natural das Fragas do Eume.

Visitas ás cidades de Betanzos, Lugo, Santiago de Compostela ou A Coruña...

Rutas de sendeirismo.

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo de traballo.

COMO CHEGAR

Por avión: (www.aena.es). Tfno.: 902 404 704

Aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela. Tfno.: 981 547 501

Aeroporto de Alvedro (A Coruña). Tfno.: 981 187 200

Aeroporto de Peinador (Vigo). Tfno.: 986 268 200

Por estrada:

- Servizo A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo, Empresa MONBUS (www.monbus.es). Tfno.: 902 292 900

- Servizos Costa da Morte

Compañía Autos Vázquez. Tfno.: 981 254 145

Compañía Aucasa. Tfno.: 981 588 811

Estacións de autobuses:

A Coruña. Tfno.: 981 184 335

Lugo. Tfno.: 982 223 985

Santiago de Compostela. Tfno.: 981 542 416

Vigo. Tfno.: 986 373 411 (www.vigobus.com)

Ourense. Tfno.: 988 216 027

Ferrol. Tfno.: 981 324 751

Por tren:

RENFE (www.renfe.es). Tfno.: 902 240 202

FEVE (www.feve.es). Tfno.: 981 370 401

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

As persoas voluntarias aloxaranse no albergue do Centro Etnolóxico do Mandeo en Teixeira (concello de Curtis).

INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 16:00 h no Centro Etnolóxico do Mandeo en Teixeira (concello de Curtis).

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros

DEVOLUCIÓN DA COTA

Soamente se devolverá a cota no caso de **suspensión da actividade**.

EQUIPO ACONSELLABLE

Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha

Saco de durmir, esteira e mochila para rutas

Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo

Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa axeitada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria.

SEGURO



CAMPO DE TRABALLO MONTE DA ESPENUCA (COIRÓS-A CORUÑA)

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Omix de Coirós (Paula): 981 796 088

omix@coiros.es

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfños.: 981 544 838 e 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.es

Servizo de Xuventude na Coruña. Tfno.: 881 881 238

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con

toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación...

www.santiagoturismo.com. Información sobre a cidade de Santiago de Compostela, transportes, accesos...

www.coruna.es. Información sobre a cidade da Coruña, transportes, accesos...

www.coiros.es Información sobre o concello de Coirós, situación, turismo, transportes, accesos...

www.xacobeo.es. Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos

www.turgalicia.es. Portal de información turística de Galicia

www.alsa.es. www.avanzabus.com. Páxinas con información sobre transporte dende outras comunidades autónomas